

NA HORTA COS MEUS AMIG@S

CURSO	NA HORTA COS MEUS AMIG@S
<p>OBXECTIVO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • O obxectivo xeral do curso é contribuír á maduración psicoafectiva de nenos e nenas, mediante a adquisición de hábitos básicos de saúde e benestar e ao inicio dun traballo preventivo sobre o abuso de sustancias e o mal uso das novas tecnoloxías en etapas temperás.
<p>DESTINATARIOS/AS</p>	<p>A poboación destinataria do curso é o alumnado de 3º e 4º de Educación Primaria.</p>
<p>METODOLOXÍA</p>	<p>O curso está composto por unha serie de contos protagonizados por hortalizas, e que son proxectados para favorecer a lectura e o seguimento dos mesmos. Cada conto presenta un plan de traballo:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Tema xeral do conto ■ Obxectivos que persegue ■ Pautas para guiar a discusión sobre as situacións que aparecen no relato ■ Actividades: xogos e exercicios sobre o conto. <p>O xogo dramático é o principal recurso motivador que serve para conectar con nenos e nenas, despertando o interese e o gusto por esta actividade. Utilízase a actividade lúdica representando algunhas das historias e desenvólvense</p>

	<p>unha ampla gama de actividades e xogos encamiñados a afianzar as ideas e os conceptos fundamentais.</p>
CONTIDOS	<p>O curso está composto por 8 obradoiros:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Presentación dos personaxes 2. O segredo da horta 3. A chegada de Cogomelo 4. Cenoria fai trampa 5. O problema de Cabaza 6. Cebola réndese 7. A derrota de Cogombro 8. A decisión de Cenoria <p>A través destes contos protagonizados por hortalizas traballaranse aspectos como as mentiras, as burlas, a resolución de conflitos, a identificación e xestión de emocións, a presión de grupo, a discriminación, etc.</p>
LUGAR DE CELEBRACIÓN	Centros de Educación Primaria
DURACIÓN	8 sesións semanais de 50 minutos de duración